



22/03/2023

Data de creación

22/03/2023

Data de revisión



Escolarización

CEIP ESTEIRO

Ferrol

ADMISIÓN DE ALUMNADO 2022-2023

Normativa

- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 (código de procedemento ED550A e ED550B).
- ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos

Solicitudes

- **Reserva de praza:** Alumnado que cambia de etapa (Educación Infantil a Educación Primaria, Educación Primaria a Educación Secundaria Obrigatoria,...) e desexa continuar estudos no centro de adscrición. Este alumnado ten prioridade respecto do que non procede de centro adscrito.
Solicitud: Formulario ED550A
- **Ordinaria:** Alumnado que se incorpora ao sistema educativo, cambia de centro e cando as solicitudes de reserva sexan superiores ás prazas dispoñibles
Solicitud: Formulario ED550B
- **Extraordinaria:** Escolarización unha vez iniciado o curso por traslado de domicilio, situacións derivadas de acoso escolar, violencia de xénero e outros supostos
Solicitud: Modelo facilitado en cada Xefatura Territorial



Prazos e lugares de presentación

- **Reserva de praza:** do 11 de xaneiro ao 8 de febreiro de cada ano. A solicitude preferiblemente cubrirase na aplicación admisionalumnado e presentarse en Sede Electrónica ou, de forma presencial, no centro de orixe do alumnado
- **Admisión:** do 1 ao 20 de marzo de cada ano, ambos incluídos. A solicitude preferiblemente cubrirase na aplicación admisionalumnado e presentarse en Sede Electrónica ou, de forma presencial, no centro escollido en primeiro lugar No caso da reserva ou da admisión, cando o último día do prazo sexa non lectivo prorrogarase ata o primeiro día lectivo inmediato seguinte. A solicitude poderá entregarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, empregando o formulario normalizado
- **Extraordinario:** aberto durante todo o curso académico, presentando nas dependencias das Xefaturas Territoriais ou nos centros educativos



Critérios de baremo

- Se o número de solicitudes é superior ao de prazas dispoñibles, aplicaranse os seguintes criterios:
- Existencia de irmás ou irmáns matriculadas/os no centro: 8 puntos polo primeira/o e 2 puntos por cada unha/un dos restantes
- Nai, pai, titora ou titor que traballe na área de influencia do centro 6 puntos e nas áreas limítrofes 3 puntos.
- Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dos proxenitores ou titores: na área de influencia 8 puntos e na área limítrofe 4 puntos.
- Renda anual per cápita da unidade familiar, respecto ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM): Inferior a 0,5 veces - 3 puntos; igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 - 2 puntos; igual ou superior ao 0,75 e inferior ao IPREM - 1 punto e igual ou superior ao IPREM - 0 puntos.
- Condición de familia numerosa: 3 puntos de categoría especial e 2 puntos de categoría xeral.
- Irmáns de parto múltiple: 2 irmáns (8 puntos) e máis de 2 (10 puntos).
- Condición de familia monoparental: 2 puntos
- Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, ou en calquera dos seus proxenitores, titores, irmás ou irmáns: ata 4 puntos
- Vítima de violencia de xénero de calqueira membro da unidade familiar: 2 puntos
- Vítima de terrorismo de calqueira membro da unidade familiar: 2 puntos




Prazas ofertadas e prazas solicitadas

| Curso | Oferta | Solicitudes | % alumnado no curso |
|-------|--------|-------------|---------------------|
| EI4 | 25 | 10 | 40 % |
| EI5 | 0 | 0 | 100 % |
| EI6 | 5 | 0 | 80 % |
| EP1 | 3 | 1 | 92 % |
| EP2 | 0 | 0 | 100 % |
| EP3 | 1 | 1 | 100 % |
| EP4 | 0 | 0 | 100 % |
| EP5 | 0 | 0 | 84 % |
| EP6 | 2 | 0 | 92 % |



Baremo no curso 22-23

O número de solicitudes non foi superior ao de prazas dispoñibles polo que non é preciso baremar.



Resumo

CONCELLO DE FERROL

ALUMNADO PARA 3 ANOS

| PÚBLICOS | Oferta | Solicitudes | % |
|--------------------|--------|-------------|-----|
| Cruceiro de Canido | 50 | 30 | 60 |
| Ángela Ruiz Robles | 25 | 8 | 32 |
| Isaac Peral | 50 | 26 | 52 |
| Manuel Masdías | 23 | 11 | 48 |
| San Xoán | 25 | 7 | 28 |
| Pazos | 20 | 10 | 50 |
| Esteiro | 25 | 10 | 40 |
| A Laxe | 25 | 10 | 40 |
| Ponzos | 25 | 25 | 100 |
| Juan de Lángara | 25 | 9 | 36 |
| TOTAL | 293 | 146 | 50 |

| CONCERTADOS | | | |
|-----------------|-----|-----|----|
| Jesús Maestro | 25 | 12 | 48 |
| La Salle | 25 | 20 | 80 |
| Tirso de Molina | 50 | 31 | 62 |
| Sagrado Corazón | 50 | 21 | 42 |
| CIA de María | 50 | 21 | 42 |
| Cristo Rey | 50 | 24 | 48 |
| Lestonnac | 25 | 10 | 40 |
| San Rosendo | 25 | 10 | 40 |
| Belén | 25 | 20 | 80 |
| Ludy | 25 | 15 | 60 |
| Valle Inclán | 25 | 13 | 52 |
| | 375 | 197 | 53 |